MT-B2.6	5º-MTB2.6.6 - Calcula o mcm e o mcd.	50% de logro mínimo.		X		1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Fichas de seguimento.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Seguimento diario. Proba práctica.</p>	CMCT
MT-B2.6	5º-MTB2.6.7 - Descompón números decimais	Acada un 50% de logro mínimo.	X			1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Fichas de seguimento.</p>	CMCT

	atendendo o valor de posición das súas cifras.						INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Seguimento diario. Proba práctica.	
MT-B2.6	5º-MTB2.6.8 - Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	Acada un 60% de logro mínimo para acadar a suficiencia.	X	X	X	3 %	PROCEDEMENTOS: Situacións reais. Actividades de aula. Fichas de control. INSTRUMENTOS: Control específico. Traballo de aula.	CMCT CAA
MT-B2.6	5º-MTB2.6.9 - Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta.	50% de logro mínimo.	X			1 %	PROCEDEMENTOS: traballo diario. Fichas de seguimento. INSTRUMENTOS: Control de clase. Seguimento diario. Control de clase.	CMCT CAA
MT-B2.7	5º-MTB2.7.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	Mellora progresiva no rendemento do alumno ata acadar como mínimo o 60% dos problemas plantexados.	X	X	X	5 %	PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Exercicios de seguimento. Fichas de seguimento. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Seguimento diario. Proba práctica.	CMCT CAA CCL CSIE E
MT-B2.7	5º-MTB2.7.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando	Acada o 50% de logro mínimo.	X	X	X	3 %	PROCEDEMENTOS: Exercicios prácticos. Utilización práctica. Manexo práctico. INSTRUMENTOS: Exercicios prácticos. Control específico.	CMCT CAA CCL CSIE E



	outras formas de resolvelo.							
MT-B3.1	5º-MTB3.1.1 - Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.	Coñece as medidas e os instrumentos de medida máis utilizados na vida diaria		X		2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Situacións reais. Exercicios prácticos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Control de avaliación,</p>	CMCT CCL CAA
MT-B3.1	5º-MTB3.1.2 - Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	Resolve positivamente o 60% das situacións plantexadas.		X		2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Situacións reais. Exercicios prácticos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Control de avaliación.</p>	CMCT CAA
MT-B3.2	5º-MTB3.2.1 - Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	Acada o 50% de logro mínimo.		X	X	2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Exercicios prácticos. Actividades específicas. Traballo diario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Control específico. Seguimento diario. Control de aula.</p>	CMCT
MT-B3.2	5º-MTB3.2.2 - Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	Acada un logro mínimo do 60%.		X	X	1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Exercicios prácticos. Actividades específicas. Control de aula.</p> <p>INSTRUMENTOS: Control específico. Seguimento diario. Control de aula.</p>	CMCT
MT-B3.2	5º-MTB3.2.3 - Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	60% de logro mínimo.		X	X	1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Exercicios prácticos. Actividades específicas. Control de aula.</p>	CMCT

							INSTRUMENTOS: Control específico. Seguimento diario. Control de aula.	
MT-B3.2	5º-MTB3.2.4 - Compara superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.	50% de logro mínimo.		X	X	2 %	PROCEDEMENTOS: Exercicios prácticos. Actividades específicas. Control de aula.  INSTRUMENTOS: Control específico. Seguimento diario. Control de aula.	CMCT
MT-B3.3	5º-MTB3.3.1 - Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.	50% de dominio de unidades de tempo, equivalencias e transformacións.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Exercicios prácticos. Utilización práctica. Manexo práctico.  INSTRUMENTOS: Exercicios prácticos. Control específico.	CMCT
MT-B3.4	5º-MTB3.4.1 - Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura.	50% de logro mínimo.			X	1 %	PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.  INSTRUMENTOS: Control específico. Seguimento diario. Control de aula.	CMCT
MT-B3.4	5º-MTB3.4.2 - Mide ángulos usando instrumentos convencionais.	50% de logro mínimo.			X	1 %	PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.  INSTRUMENTOS: Control específico. Seguimento diario. Control de aula.	CMCT
MT-B3.5	5º-MTB3.5.1 - Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando? e tomando	Mellora progresivamente no rendemento ata acadar como mínimo un 60% dos problemas plantexados.			X	5 %	PROCEDEMENTOS: Situacións reais. Actividades de aula.Ficha de control.  INSTRUMENTOS: Control específico. Traballo diario.	CMCT CAA CSIE E

	decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.							
MT-B4.1	5º-MTB4.1.1 - Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice?	Acadar un 50% como logro mínimo para acadar a suficiencia.			X	1 %	PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario. INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Ficha de traballo. Actividades de caderno.	CMCT
MT-B4.1	5º-MTB4.1.2 - Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.	Acadar un mínimo na composición de figuras 50%.			X	1 %	PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario. INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Ficha de traballo. Actividades de caderno.	CMCT
MT-B4.1	5º-MTB4.1.3 - Realiza ampliacións e reducións.	Acadar un 50% como logro mínimo.			X	1 %	PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario. INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Ficha de traballo. Actividades de caderno.	CMCT
MT-B4.2	5º-MTB4.2.1 - Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.	Acadar un 50% como logro mínimo.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario. INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Ficha de traballo. Actividades de caderno.	CMCT
MT-B4.2	5º-MTB4.2.2 - Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.	Acadar un 50% como logro mínimo.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario. INSTRUMENTOS: Activades de aula. Ficha de traballo. Seguimento diario.	CMCT CAA

MT-B4.3	5º-MTB4.3.1 - Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular	Acadar un 50% como logro mínimo.			X	1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Ficha de traballo. Seguimento diario.</p>	CMCT
MT-B4.3	5º-MTB4.3.2 - Utiliza a composición e descomposición para formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras.	50% como logro mínimo.			X	2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Ficha de traballo. Seguimento diario.</p>	CMCT
MT-B4.4	5º-MTB4.4.1 - Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	50 % como logro mínimo.			X	5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Ficha de traballo. Seguimento diario.</p>	CMCT CAA CCL CSIE E
MT-B4.4	5º-MTB4.4.2 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo	Acadar un 50% como logro mínimo para acadar a suficiencia.			X	2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Ficha de traballo. Seguimento diario.</p>	CMCT CAA

	outras formas de resolvelo							
MT-B5.1	5º-MTB5.1.1 - Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.	Ser capaz de aplicar ditas medidas de centralización con resultados positivos ata un 60%.			X	1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Situacións reais. Exercicios prácticos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Control de avaliación. Caderno de clase.</p>	CMCT CAA
MT-B5.1	5º-MTB5.1.2 - Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.	60% de logro mínimo.			X	1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Situacións reais. Exercicios prácticos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Control de avaliación. Caderno de clase.</p>	CMCT CAA
MT-B5.2	5º-MTB5.2.1 - Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.	60% de logro mínimo.			X	2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Fichas de traballo. Actividades de caderno.</p>	CMCT CAA CCL
MT-B5.3	5º-MTB5.3.1 - Identifica situacións de carácter aleatorio.	Acadar un mínimo de 50% de resultados positivos.			X	1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Fichas de traballo. Actividades de caderno.</p>	CMCT
MT-B5.3	5º-MTB5.3.2 - Realiza conxecturas e estimacións sobre algúns xogos (moedas, dados, cartas, loterías?).	Acadar un mínimo de 60% de resultados positivos.			X	1 %	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Caderno de traballo. Seguimento diario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Actividades de aula. Fichas de traballo. Actividades de caderno.</p>	CMCT CAA
MT-B5.4	5º-MTB5.4.1 - Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos	50% de logro mínimo.			X	5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Situacións reais. Exercicios prácticos.</p>	CMCT CAA CCL

	<p>proprios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios?), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.</p>						<p>INSTRUMENTOS: Control de avaliación. Caderno de clase.</p>	<p>CSIE E</p>
<p>MT-B5.4</p>	<p>5º-MTB5.4.2 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p>	<p>50% de logro mínimo.</p>			<p>X</p>	<p>3 %</p>	<p>PROCEDEMENTOS: Traballo diario. Exercicios de problemas. Fichas de seguimento.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Seguimento diario. Proba práctica.</p>	<p>CMCT CAA CCL CSIE E</p>

#### **D4.-Elementos transversais:**

O Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo de Ed. Primaria en Galicia dita no seu artigo 11 que “Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a **comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional** traballaranse en todas as disciplinas.

Tamén establece que “a programación docente debe comprender, en todo caso, a **prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia** “. Destaca tamén que “os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares relacionados co **desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.**

Nas escolas promoveranse “ a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos **valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.**

Deberemos ter presente tal como se indica no punto 3 do artigo 11 que se evitarán “... os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.”

Este mesmo artigo expón no punto 5 que “no ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a **mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico**”.

## **E.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIREN AS MATERIAS**

### **Principios metodolóxicos.-**

1. A acción educativa priorizará á atención á diversidade do alumnado, á atención individualizada, á prevención das dificultades de aprendizaxe e á posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
2. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave fundamentalmente con tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
3. A acción educativa terá en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
4. Desenvolveranse estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato xa que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.
5. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

### **Estratexias metodolóxicas.-**

Atender ao desenvolvemento das competencias clave require un traballo que:

- Contemple a diversidade de agrupamentos e posibilite unha ampla gama de interaccións sociais.



- Favoreza a planificación conxunta e a autonomía nas tarefas, a organización dos materiais e recursos, a adopción de fórmulas variadas de agrupamento acordes coas necesidades diferentes de traballo
- Permita o uso de fontes e recursos variados, cotiáns e familiares, mesturando o dixital e o tradicional, o innovador e o clásico.
- Promova métodos con enfoque integrador (globalizados e interdisciplinares) que permitan que o grupo planifique e organice as tarefas conxuntamente, que todos os rapaces e todas as rapazas poidan implicarse activamente en función dos seus intereses e da diversidade, que o alumnado se enfrente a problemas verdadeiros e a temas reais e cotiáns; que ofrezan ocasións para controlar o proceso, valorar os logros, medrar na aprendizaxe partindo do que sabe; que permitan manexarse con éxito ante a información e que estimulen a práctica reflexiva e crítica.

## **Secuenciación do traballo na aula:**

### Motivación:

- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
- Presentación da actividade con esquemas, gráficos, textos, fotos, etc.

### Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

### Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de dúbidas.
- Comentario de documentos, textos, imaxes, etc.
- Elaboración de presentacións.
- Lectura comprensiva.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, traballos, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.

## **METODOLOXÍA POR MATERIAS.-**

### **MATEMÁTICAS.-**

O traballo na área de matemáticas estará asentado na experiencia, utilizando as matemáticas en contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá, para ir adquirindo progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e dos coñecementos previos.

Os procesos de resolución de problemas constitúen un dos eixes principais da actividade matemática e deben ser fonte e soporte principal da aprendizaxe xa que na resolución dun problema requírense e utilízanse moitas das capacidades básicas: ler, reflexionar, planificar o proceso de resolución, establecer estratexias e procedementos e revisalos, modificar o plan se é necesario e comprobar a solución se se encontrou.

- Empregarase unha metodoloxías activa e contextualizada que asegure o desenvolvemento das competencias clave.
- O papel do profesor-a será orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado.
- Potenciarase a resolución conxunta das tarefas e dos problemas con estruturas de aprendizaxe cooperativa que facilitarán a inclusión do alumnado.
- O deseño das actividades debe xerar no alumnado a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

- Incorporarase progresivamente o traballo por proxectos, que posibilitan que os alumnos-as organicen o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora .
- Incorporarase progresivamente diferentes técnicas para a avaliación do alumnado como, por exemplo, o porfolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas e resolución de problemas.
- Potenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

### **CIENCIAS NATURAIS.-**

Xa que os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

- Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais traballarase na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos e realización de debates sobre temas de actualidade.
- Potenciarase a resolución conxunta de tarefas mediante estruturas de aprendizaxe cooperativa, proxectos e investigacións que fomenten hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e unha axeitada atención á diversidade.
- Incorporarase progresivamente diferentes técnicas para a avaliación do alumnado como, por exemplo, o porfolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas e resolución de problemas.
- Prestarase especial atención á integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino- aprendizaxe.

## **CIENCIAS SOCIAIS.-**

- Diseñaranse propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas. Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inqueda, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes.
- Aproveitaranse os recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.
- Incorporaranse progresivamente diversos instrumentos de avaliación: cartafol, diarios, rúbricas, debates, mapas mentais, probas específicas etc. que evidencian os distintos graos de execución das aprendizaxes.
- Partirase en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.
- Presentaranse propostas de traballo individual e de equipo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.
- Diseñaranse actividades que promovan a curiosidade e a motivación cara á investigación e resolución de problemas.

## **LINGUA CASTELÁ**

- Non debemos perder de vista que o obxectivo fundamental nesta área é o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado que achegará as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade. O papel do profesor-a será o de guía do alumnado para potenciar o manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz.

- A lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para créalos debe ir á par coa abordaxe da Literatura que debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade xa que incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica.

## **LINGUA GALEGA**

- Diseñaranse actividades que potencien a competencia comunicativa e lingüística de forma que o alumnado sexa capaz de interactuar en todos os ámbitos sociais nos que participan. O uso social da lingua en contextos familiares, privados, públicos e escolares, deben de ser o fío condutor dos contidos da área.
- Potenciarase a valoración da lingua e a literatura galega a través dos textos elaborados nese código como representantes dunha cultura, na que creceron os nosos antepasados e moitos de nós e que cómpre coidar e cultivar.

## **EDUCACIÓN ARTÍSTICA**

Na nosa sociedade a Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización.

Aproveitarase a área artística para a conexión natural con outras áreas do currículo sendo clave para a transversalidade.

- As actividades potenciarán no alumnado a interpretación e a análise crítica, para facelos conscientes de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa.

- Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle tamén importancia á produción de obras ou traballos por parte do alumnado, para que sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

## **F.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR**

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Ciencias da Natureza de 5º Curso:

- *Material dixital do programa E-Dixgal*
- *Biblioteca de recursos.*
- *Xerador de actividades..*
- *Materiais de Laboratorio*

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar na área de Ciencias Sociais de 5º Curso:

- *Material dixital do programa E-Dixgal*
- *Biblioteca de recursos..*
- *Xerador de actividades.*
- *Recuncho do investigador.*
- *Materiais para a área: Mapas, esferas , vídeos, internet*
- *Ordenador, tablet, encerado dixital.*
- *Material manipulable e experimental propio da área*

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Lingua Castelá de 5º Curso

- *Material dixital do programa E-Dixgal*
- *Biblioteca de recursos.*
- *Audios.*
- *Cuadernos complementarios*
- *Generador de actividades*
- *Rincón de lectura y escritura*
- *Ordenador, tablet, encerado digital.*
- *Material manipulable y experimental propio del área*

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Lingua de 5º Curso

- *Material dixital do programa E-Dixgal*
- *Material funxible.*
- *Material manipulable e experimental propio da área.*
- *Recursos educativos (Internet).*
- *Ordenador.*
- *Ordenador, tablet, encerado dixital.*
- *Diario de aprendizaxe.*
- *Material para a Educación emocional*

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Matemáticas de 5º Curso

- *Material Dixital do programa E-Dixgal.*

- *Biblioteca de recursos.*
- *Cadernos complementarios*
- *Xerador de actividades.*
- *Xerador de operacións*
- *Ordenador.*
- *Pizarra dixital.*
- *Material manipulable e experimental propio da área.*

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Ed. Artística de 5º Curso

- Material variable de debuxo
- Tonalidades de cores
- Serie de cadernos de debuxo
- Cadernos de debuxo
- Imaxes e láminas de mostra.

## **G.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

- **Avaliación inicial.- Procedemento**



As probas de avaliación inicial partirán dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior e realizaranse durante o mes de setembro.

#### OBXECTIVOS:

- a) Detectar as características dos alumnos-as ao comezar o curso nos contidos das áreas.
- b) Saber que alumnos-as teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con este alumnado.
- d) Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos-as para implicar á familia no proceso educativo.
- e) Enlazar as aprendizaxes dos alumnos-as do cuarto curso de Primaria co quinto curso.
- f) Detectar dificultades de aprendizaxe.

#### **● Avaliación continua.- Procedemento**

A avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución.

Os traballos presentados deberán respectar unhas normas de presentación establecidas, dependendo, en cada caso do que se esixa en cada un deles

È importante que o alumnado traia o día de clase aquel material que se lle pida para unha actividade concreta.

Realizarase a avaliación empregando diferentes instrumentos de avaliación que se concretan na programación de cada área.

#### ***Periodicidade coa que se farán probas escritas***

Haberá unha proba escrita por cada grupo de estándares que se relacionen entre si e que coincidirán con cada unidade temática do libro.

***Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información***

1. Busca de información
  2. Presentación
  3. Exposición Oral
  4. Caderno de clase
  5. Traballos de aula
  6. Lectura da biblioteca de aula
  7. Axilidade mental para o cálculo
  8. Respecto polas normas, polo material e polos compañeiros.
- A nota final será a nota da media das tres avaliacións

**• Criterios de cualificación**

<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>Valores</b>
Probas escritas (en cada exame especificase o valor de cada ítem)	40%
Probas orais (temos unha rúbrica onde se aclaran os puntos a ter en conta)	20%
Escalas de valoración para:	Total= 20%:
- Estudo e traballo diario,	5%
- Caderno	5%
- Tarefas extraescolares	5%
- Participación na clase	5%

	5%
Actitude e esforzo	10%
Proxectos	10%

### ● Recuperación de notas

#### **Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada**

Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas actividades non desenvolvidas correctamente, recuperándoas de este modo.

Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería, tamén, recuperala.

Nas probas escritas inclúiranse preguntas sobre os contidos non superados na avaliación anterior e que se tratan exclusivamente nun trimestre concreto.

### ● Recuperación de avaliación

Cada avaliación e dado que a avaliación e continua e no nivel de 5º de Primaria a nota da avaliación recuperarase na seguinte. **A nota da 3ª avaliación será a nota final**

CRITERIO DE PROMOCIÓN: Decisión de promoción os cursos pares e promoción automática nos cursos impares.

## **H.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR PROCESO E ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE**

- **Indicadores de logro do proceso de ensino**

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				

3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

○ **Indicadores de logro da práctica docente**

	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## I.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- Periodicidade coa que se revisará.
- Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
- Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.
- Indicadores

Escala
--------

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
20. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
21. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
22. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
23. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
24. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
25. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
26. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

Realízase esta avaliación unha vez desenvólta esta programación de acordo a os parámetros fixados neste apartado

## J.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención á diversidade pode considerarse como o **conxunto de medidas e accións** que teñen como **finalidade adecuar a resposta educativa** ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Por todo isto, é fundamental o coñecemento do grupo e unha axeitada acción tutorial.

O Plan de Acción Titorial do centro concreta as actividades que debe desenvolver un titor-a para coñecer o seu grupo, a súa dinámica e relacións, e así mesmo a cada alumno en particular. Este coñecemento do alumnado e das súas necesidades educativas enmarcará a atención á diversidade.

Potenciaranse tamén todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con NEAE poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades. As medidas educativas destinadas a tal fin concrétanse no Plan de Atención á Diversidade do centro.

Para favorecer a relación entre os alumnos-as e a cohesión do grupo levaranse a cabo na primeira semana de curso diversas dinámicas para coñecerse e para interiorizar as normas de aula e de centro. Un segundo elemento clave será a avaliación inicial que contemplará non só o desempeño dos alumnos senón tamén a análise do clima de aula e das relación que se establecen entre os alumnos-as. As entrevistas grupais e individuais coas familias completarán o coñecemento do alumno-a. Deste coñecemento global do alumno-a arranca a atención á diversidade permitindo adaptar a educación aos diferentes alumnos-as da aula.

#### □ **Medidas ordinarias**

Todas as que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel.

Potenciaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos pola súa potencialidade para promover a inclusión.

#### □ **Medidas extraordinarias**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou se estas resultan insuficientes.

## **K.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

A Orde do 19 de maio de 2021 (DOG do 4 de xuño) que establece o calendario escolar e fixa as conmemoracións de obrigada celebración nos centros e que se relacionan a continuación:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día internacional da Educación
- 30 de xaneiro de 2022: Día escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do libro.
- 2 de maio de 2022: Día internacional contra o Acoso Escolar
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.

– Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.

– 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

Así mesmo as actividades complementarias que realizarán os alumnos e alumnas aparecen recollidas na Programación Xeral Anual do centro e son entre outras:

-Saídas didácticas relacionadas co proxecto didáctico integrado que se desenvolve dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).

-Actividades de animación á lectura organizadas pola encargada da biblioteca.

-Outras saídas programadas polo EDLG.

#### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O alumnado participa en diversas actividades extraescolares organizadas polo Concello de Agolada e/ou a ANPA “Agromar” do centro: Todas as actividades detállanse na PXA.

#### L.- DATOS DO EQUIPO DE NIVEL

<b>Profesorado</b>	<b>Materia</b>
Fernández López, Inmaculada	Lingua Estranxeira - Inglés
Fernández Montero, Natalia	Educación musical
Gómez Cufarro, Eva	Educación física
González Garcia, María del Carmen	Lingua Estranxeira - Inglés
Iglesias Souto, María Jesús	Relixión Católica
López Rodríguez, Ana Isabel	Ciencias Sociais
López Rodríguez, Ana Isabel	Lingua galega e literatura
López Rodríguez, Ana Isabel	Ciencias da Natureza
López Rodríguez, Ana Isabel	Educación plástica
López Rodríguez, Ana Isabel	Lingua castelá e literatura
Vázquez Rojo, Luis	Lingua castelá e literatura
Vázquez Rojo, Luis	Matemáticas

Nº ALUMNOS/AS: 4 (1 nenas e 3 nenos)



## HORARIO:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00 - 10:50 ReCo - Δ EP 6º Curso	10:00 - 10:50 LGeL - Δ EP 6º Curso	10:00 - 10:50 Mat - Δ EP 5ª Curso	10:00 - 10:50 LCL - Δ EP 6º Curso	10:00 - 10:50 Cienc.Nat. - Δ EP 6º Curso
10:50 - 11:40 Ingl - Δ EP 6º Curso	10:50 - 11:40 Ingl - Δ EP 6º Curso	10:50 - 11:40 LCL - Δ EP 6º Curso	10:50 - 11:40 Ingl - Δ EP 6º Curso	10:50 - 11:40 Mat - Δ EP 5ª Curso
11:40 - 12:10 Recreo - Δ -	11:40 - 12:10 Recreo - Δ -	11:40 - 12:10 Recreo - Δ -	11:40 - 12:10 Recreo - Δ -	11:40 - 12:10 Atividade específica - Δ -
12:10 - 13:20 Mat - Δ EP 5ª Curso	12:10 - 13:20 Mat - Δ EP 5ª Curso	12:10 - 13:20 LGeL - Δ EP 6º Curso	12:10 - 13:20 EF - Δ Ximnasio	12:10 - 13:20 EF - Δ Ximnasio
13:20 - 14:10 LCL - Δ EP 6º Curso	13:20 - 14:10 Cienc.Soc - Δ EP 6º Curso	13:20 - 14:10 MUS - Δ Música	13:20 - 14:10 Mat - Δ EP 5ª Curso	13:20 - 14:10 LGeL - Δ EP 6º Curso
14:35 - 15:45 Cienc.Soc - Δ EP 6º Curso	14:35 - 15:45 Cienc.Nat. - Δ EP 6º Curso	14:35 - 15:45 PLAS - Δ EP 6º Curso	14:35 - 15:45 LGeL - Δ EP 6º Curso	14:35 - 15:45 LCL - Δ EP 6º Curso

## M.- REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29 de xaneiro).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 4 de xuño).
- Orde do 8 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 10 de xuño).
-